
NADARÍN

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 16 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Nadarín (galego)

ISBN 978-84-8464-628-0. Tras os montes.

Nadarín (castelán)

ISBN 978-84-96388-60-4. Clásicos contemporáneos.

Neda-que-neda (català)

ISBN 978-84-16804-02-3. Clàssics contemporanis.

Igeritz (euskara)

ISBN 978-84-8464-630-3. Gaur egungo klasikoak.

Nadadorzinho (português)


ISBN 978-972-8781-59-0. Clásicos contemporáneos.

*Nun recuncho perdido do mar vivía feliz un banco de peixes.
Todos eran vermellos. Só un era negro como a cuncha
dun mexillón. Nadaba mellor có resto dos seus irmáns e irmás.
Chamábanlle Nadarín...*

A historia de Nadarín, como todos os libros de Leo Lionni, invita a pensar e a aprender valiosas leccións vitais. O valor da diferenza e o respecto a quen -por cultura ou aspecto físico- non comparte as características comúns, reflíctese nas primeiras páxinas deste clásico da literatura infantil de todos os tempos.

Máis aínda, a superación dos medos propios, a forza de vontade para gozar do que nos rodea malia as adversidades que se presenten e a solidariedade cos nosos semellantes, tamén se plasman neste relato de gran calidade estética, con frases curtas cheas de figuras retóricas sutís e suxestivas. E como emblema da obra, unha mensaxe para os lectores: a unión fai a forza.

Destaca a orixinalidade da proposta artística de Leo Lionni neste álbum datado en 1963 que, aínda co paso do tempo, conserva toda a súa frescura. Cunha técnica semellante ás *manchas de cor*, recrea un universo mariño repleto de movemento e de riqueza cromática.



- **Temática:** a diferenza, a forza da unión, superación da dor e dos medos.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos; técnica das *manchas de cor*; do autor de «Frederick», «Cornelio», «A casa máis grande do mundo», «Paso a paso», «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», «O soño de Matías», «Álex e o rato de corda» e da serie «Cores» e «Números» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/nadarin-g_145299baefa63e

Leo Lionni

(Amsterdam, 1910 - Toscana, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: *"Da algún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia"*. O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

<http://leolionni.wordpress.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
